

Escaleta da entrevista á nena Xela Arias para presentar ao III Concurso de Podcasts-Radio na Biblio  
CPI As Revoltas 3º EP. Curso 2020/2021

### ESCALETA DO PROGRAMA

<b>NOME DO PROGRAMA</b>	<b>“VIAXE AO LUGAR ONDE OS TIGRES SON COMA CABALOS”</b> . Entrevista á nena Xela Arias.
<b>DATA</b>	<b>22 DE ABRIL DE 2021</b>
<b>DURACIÓN</b>	<b>5’</b>
<b>HORARIO</b>	<b>CALQUERA</b>
<b>EMISORA</b>	<b>ONDAS REVOLTAS</b>
<b>XORNALISTAS</b>	<b>ALUMNADO DE 3º EP CPI AS REVOLTAS</b>
<b>OPERADORA</b>	<b>CHUS</b>
<b>DIRECTORA</b>	<b>CHUS</b>

<b>LOCUTORES/AS E OPERADORA</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>TEMPO</b>
OPERADORA	<b><u>SINTONÍA DE INICIO</u></b>	0,5’
CARMEN	Ola compañeiros e compañeiras!! Os nenos e nenas de 3ª volvemos de novo navegar nas Ondas Revoltas!!	0,5’
ELIANA	Desta vez o motivo do noso programa é a conmemoración do 17 de maio, Día das Nosas Letras dedicado á tradutora, poeta e profesora, entre outras cousas, XELA ARIAS.	0,13’
CARMEN	Coma ben sabedes no cole estamos a traballar nun PDI sobre as viaxes e iso imos facer hoxe... viaxar, viaxar ao pasado para entrevistar á pequena Xela no Vigo de finais dos 70. Si, parece imposible, xa o sei, pero nós con moita imaxinación e un toque de tolemia, conseguiremos!!  Se escoitades uns chíos insoportables, ollo, non son problemas técnicos, é o son da nosa teletransportación radiofónica no tempo.	0,28’

**Escaleta da entrevista á nena Xela Arias para presentar ao III Concurso de Podcasts-Radio na Biblio  
CPI As Revoltas 3º EP. Curso 2020/2021**

	Xelaaa, imos aló!!	
OPERADORA	<b><u>MÚSICA PSICODÉLICA</u></b>	1,05'
NICOLÁS	Ola! Estamos a viaxar no tempo. Onde estamos exactamente?	1,11'
SOFÍA (Xela):	Ei, menuda aterraxe! Estades no ano 1973, no meu cole de Sárdoma en Vigo. Eu son Xela, Xela Arias.	1,16'
NICOLÁS:	Xela? De que vén ese nome?	1,26'
SOFÍA (Xela):	Mira, non me fales... Nada menos que me puxeron María de los Ángeles... Demasiado longo para o meu gusto. Ai pero, cando poida, vouno cambiar por Anxos ou mellor, por Xela, así é como me chaman na casa.	1,29'
FELIPE:	E que tal este cole, gústache?	1,45'
SOFÍA (Xela) :	Estache ben, aínda que tamén me gustaba o cole de Fingo en Lugo, pero hai uns anos meu pai veu traballar para aquí e toda a familia nos trasladamos.	1,46'
YANIRA:	Pero, viñeches ti soa para este cole?	1,58'
SOFÍA(Xela):	Que va, teño catro irmáns que tamén estudan aquí, eu son a maior.	2'
JOEL:	Vaia faena, non? Seguro que tes que estar seguido a coidar deles...	2,06'
SOFÍA (Xela) :	Para nada! Encántame ensinar a Lois e a Sabeliña que son os máis peques, eu fago de mestra e pasámolo fenomenal!! Cando sexa maior vou ter un fillo, xa o teño claro, e ata teño pensado o nome: Darío, como o poeta, e poderei ensinarlle moitas cousas.	2,11'
PABLO G:	E de seguro que tamén sabes a que te vas dedicar...	2,33'
NOEMÍ:	Igual queres ser tradutora e mestra, como o teu pai...	2,36'
PABLO B:	Ou escritora...	2,39'
SOFÍA (Xela):	Non vos digo que non...Eu escribo moitos contos, logo léollos ao meu pai e sempre me di que están ben... El traballa na	2,40'

**Escaleta da entrevista á nena Xela Arias para presentar ao III Concurso de Podcasts-Radio na Biblio  
CPI As Revoltas 3º EP. Curso 2020/2021**

	Editorial Galaxia e sabe moito disto. O último que fixen titúlase “A fraga dos paxaros voadores e a fraga leopardicia” fala da natureza, vouno presentar ao concurso de contos infantís O Facho, a ver se teño sorte...	
PEDRO:	Pois claro que a terás, Xela. Mira a nosa Rosalía de Castro, xa escribía desde nena e converteuse nunha poetisa universal...	3,06’
SOFÍA (Xela):	Ai, Rosalía...! Gustaríame ter un estilo propio e unha vida intensa como foi a súa. Tampouco aturo as inxustizas e devezos pola nosa fala como fixo ela, mágoa que marchase tan pronto... Aínda así será eterna para nós.	3,15’
VALERIA:	Ti tamén loitarás polo galego e outros valores da nosa terra. Galicia, algún día, recoñecerá a túa valía!! ATA SEMPRE, XELA! Deixámoste neste lugar onde hai tigres coma cabalos...Un lugar máxico...	3,35’
	SOFÍA (Xela) : De certo que é un lugar máxico... Algún día volverémonos atopar aquí. Ata sempre rapaces e rapazas!!	3,51’
OPERADORA	<b>SINTONÍA</b>	4,00’
CHUS:	...”Intempérome moitas veces, revóltome, procuro darlle volta ás cousas nese posible camiño que é tamén obriga de nós como persoas, de cuestionarnos, de preguntarnos as cousas que estamos facendo.”	4,05’
CARMEN:	Con estas palabras que a escritora di nunha conversa radiofónica no ano 2003, pouco antes do seu falecemento aos 41 anos, e que son unha mostra do seu espírito inconformista, esixente e rebelde, rematamos este programa. Agardamos que vos gustase esta pequena viaxe no tempo!! E a Xela, aló onde estea, dicímoslle: QUEDAS EN NÓS, XELA!	4,19’
ELIANA:	Ata pronto compañeiros e compañeiras, gozade do Día das Nosas Letras!!	4,45’
OPERADORA	<b>SINTONÍA DE PECHE.</b>	4,51’